

Dependencia <b>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos          64.- SPELO</b>		
Documento	Expediente	
CONZI00L	CON/27/2015	

### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 180.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 25 de xuño de 2015, ás 9:00 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> Branca Petra Novo Rey

**Vocales:** D. Xan Xesús Duro, representante do grupo CA.  
 D<sup>a</sup> María José Corral, representante do grupo PP  
 D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG  
 D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas.  
 D. Ignacio Soto, director técnico urbanismo.  
 D<sup>a</sup> Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.  
 D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	12/06/2015	27.181	PIROTECNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS SL
2	12/06/2015	27.280	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA. S.L
3	12/06/2015	27.283	PIROTECNIA ZARAGOZANA
4	15/06/2015	27.472	ASL LIGHT SOLUTIONS SL
5	15/06/2015	27.587	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	PIROTECNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS SL	178.000
2	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA. S.L	172.000
3	PIROTECNIA ZARAGOZANA	180.000
4	ASL LIGHT SOLUTIONS SL	178.878
5	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA	177.200


<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI00L	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

Rematada a apertura dos sobres, a mesa inicia a negociación individual dos termos do contrato con cada un dos licitadores admitidos en función dos diferentes criterios relacionados no prego que rexe a licitación, estendendo as correspondentes actas cos resultados das negociacións individuais levadas a cabo cos diferentes licitadores, que se acompañan á presente acta.


Así mesmo, acorda dar traslado da documentación ós técnicos municipais para a emisión de informe valorativo sobre as plicas presentadas, en función dos criterios recollidos no prego de aplicación.

Ás 9:21 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI00L	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 2: FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.**

**LICITACIÓN:** Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 180.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 25 de xuño de 2015, ás 9:22 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> Branca Petra Novo Rey

**Vocales:** D.. Xan Xesús Duro representante do grupo CA.  
D. María José Corral representante do grupo PP  
D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela representante do grupo BNG  
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas  
D..Ignacio Soto, director técnico urbanismo  
D<sup>a</sup> Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**Representante do licitador que acude ó acto de negociación:** D. José Eduardo Gallart Macías.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- Mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de 170.000 máis IVE..

Sendo as 9:23 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



**Asdo.: José Eduardo Gallart Macías**  
**Representante da empresa FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.**

**Vº E PRACE**  
**O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI00L	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

**ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 5: ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.**

**LICITACIÓN:** Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 180.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 25 de xuño de 2015, ás 9:24 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> Branca Petra Novo Rey

**Vocales:** D. Xan Xesús Duro representante do grupo CA.  
D. María José Corral representante do grupo PP  
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela representante do grupo BNG  
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas  
D. Ignacio Soto, director técnico urbanismo  
D<sup>a</sup> Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**Representante do licitador que acude ó acto de negociación:** D. Juan Antonio Aranda Pérez.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- Mellora a súa oferta ofrecendo un prezo de 175.700 máis IVE.

Sendo as 9:27 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: Juan Antonio Aranda Pérez

Representante da empresa **ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.**

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI00L	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

### ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 180.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 1 de xullo de 2015 ás 11:00 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dª Branca Petra Novo Rey

**Vocales:** D. Xan Duro Fernández, representante do grupo CA.  
Dª María José Corral representante do grupo PP  
D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela representante do grupo BNG  
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas  
Dª Ana Gago, Viceinterventora xeral Municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de examinar o informe técnico realizado, e apreciados pequenos erros materiais que non afectan ó resultado final, e considerando ademais necesario que se amplíe a xustificación das distintas puntuacións outorgadas, solicita unha nova redacción do mesmo recollendo todas estas circunstancias.

Ás 11:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





## **INFORME TÉCNICO, ARTÍSTICO E ECONÓMICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2015 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

### **INTRODUCCIÓN.**

O obxecto do contrato comprende a realización do Servizo cultural de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar na Praza do Obradoiro a noite do 24 de xullo e o 31 de xullo na Alameda (Campus Sur).

Preséntase para a súa valoración as propostas, realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.
- 2.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.
- 3.- PIROTECNIA ZARAGOZANA
- 4.- ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.
- 5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

### **CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Faise un análise da proposta presentada no sobre de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números 5.1, 5.2, 5.3 e 5.4, valorados con un máximo de 49 puntos que se distribúen da seguinte maneira:

- ☐ **Criterio nº 5.1 Idea.....30 puntos**  
Pirotecnia libre, relativos ao feito xacobeo, tanto desde o punto de vista material coma inmaterial. Aquí a proposta creativa do espectáculo da noite do 24 de xullo valorarase con un máximo de 20 puntos e os do 31 de xullo cun máximo de 10 puntos.
- ☐ **Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito.....7 puntos**  
Valórase, dun xeito xenérico, no deseño do espectáculo se teña en conto o entorno que serve de soporte ao desenvolvemento do mesmo e demostre a debida sensibilidade e respecto con el:  
A determinación do uso de medidas correctoras que minimicen o impacto visual que na praza do Obradoiro producen neste momento os elementos de valado, andamiaxe e delimitación das áreas de traballo e das zonas de público ou pasillos de circulación, que ademais de cumprir axeitadamente a súa función teñan unhas características estéticas acordes co entorno.
- **Criterio nº 5.3 Medios técnicos.....8 puntos**  
Valorase o equipamento técnico (equipos de proxección, iluminación, son e demais infraestructuras técnicas, a súa ubicación na praza e/ou nos edificios que lles sirvan de



apoio), a descrición dos artefactos pirotécnicos utilizados no espectáculo do día 24 na Praza do Obradoiro detallando o número, clase, peso, etc., e planos nos que se indique de forma precisa a súa ubicación. A puntuación total de 8 puntos distribuirase do seguinte xeito: artefactos pirotécnicos do 24 de xullo, 4 puntos e os do 31 de xullo cun máximo de 3 puntos; equipamento técnico de iluminación, proxección e son, 1 punto.

- **Criterio nº 5.4 Equipo técnico.....4 puntos**

Valorase neste punto a cualificación técnica do equipo humano que leve a cabo o proxecto a súa capacitación para a montaxe de un espectáculo destas características. Detalle dos equipos técnicos a utilizar. Presentación dun croquis da colocación dos mesmos.

## ANÁLISE E VALORACIÓN DA PROPOSTA.

### 1.- PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.

- **Criterio nº 5.1 Idea.**

*Proposta creativa do espectáculo do día 24.*

Articúlase esta temática en sete secuencias: *I. Inicial; II. Homenaxe; III. Relevancia do camiño, O feito Xacobeo e a peregrinación; IV. O desenvolvemento da cidade ao redor do feito Apostólico; V. A importancia da tradición Xacobeo en Galicia e no mundo; VI. Fogo; VII. Final.*

Faise unha descrición pormenorizada de cómo irá transcurrido o espectáculo, as imaxes que irán aparecendo e as sensacións que se pretenden lograr no público.

A duración do espectáculo da noite do 24 de xullo é de 31 minutos.

Presentan unha temporización detallada do espectáculo do 24 de xullo sincronizando os efectos alumínicos, pirotecnia e música así coma unha descrición dos artefactos pirotécnicos a utilizar.

Puntuación ..... 10 puntos

*Proposta creativa do espectáculo do día 31.*

Puntuación ..... 10 puntos

- **Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito**

No relativo a adecuación ó ámbito a empresa cumpre coa normativa de vallado pero non fala das medidas correctoras de impacto visual.

Puntuación ..... 3 puntos

- **Criterio nº 5.3 Medios técnicos**

*a. Artefactos pirotécnicos*



- día 24 de xullo: preséntase un listado dos elementos pirotécnicos (detallando nº de catalogación, unidades e pesos inflamables de cada un.

Peso bruto explosivo .....1.498 kg

Total masa pirotécnica .....803 kg

Unidades de produto ..... 8948 unidades

Puntuación .....4 puntos

- día 31 de xullo:

Peso bruto .....695 kg

Unidades..... 1.592 unidades

Puntuación .....3 puntos

*b. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios técnicos previstos formados por equipos de proxección de vídeos de alta potencia, equipos de luz que están descritos na memoria e considéranse axeitados para o evento. Utilizando unha iluminación máis que suficiente para o evento e destacar a utilización dun láser verde con fume proxectando cara o público.

Para o espectáculo do día 24 de xullo, instalaranse sistemas de son e estruturas que aparecen reflexadas na proposta técnica.

Puntuación..... 0,5 punto

**- Criterio nº 5.4 Equipo técnico**

A proposta presenta un organigrama do equipo técnico humano no que se reflicte un total de 15 persoas. Indicase o persoal adscrito aos traballos de pirotecnia da empresa Pirotecnia Quiles S.L.

O equipo técnico adscrito ó proxecto considérase suficiente.

Puntuación.....3 puntos

**Puntuación total da proposta de**

**PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L. .... 33,5 puntos**

**2.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.**

**- Criterio nº 5.1 Idea.**

*Proposta creativa do espectáculo do día 24.*

Distribución dos fogos non só na Catedral , tamén no Pazo de Raxoi, Rectorado e Hostal. "Efecto sorpresa en toda a praza". Videomapping de 360º. Ó inicio só na Fachada da Catedral e logo no resto de edificios para sorprender ós espectadores. Guión: Historia do Apóstolo, Peregrinacións. Escenas históricas. A segunda parte do





espectáculo será con lanzamentos pirotécnicos desde os catro puntos da praza, combinados con lanzadas desde a horta de San Martiño Pinarío.

O 31 de xullo, espectáculo pirotécnico e musical banda sonora de películas, cantantes de pop clásico e series de televisión, máis éxitos actuais.

Duración 21' e 50'', 8 temas musicais e 18379 unidades pirotécnicas.

Puntuación .....15 puntos

*Proposta creativa do espectáculo do día 31.*

Puntuación .....10 puntos

#### - Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito

Esta proposta establece camisetas identificativas dos traballadores. Acreditacións para o persoal. Lonas ignífugas para cubrir equipos técnicos. Vallas antiavalanchas.

Puntuación impacto visual .....2 puntos

Puntuación sistema de vallado .....3 puntos

#### - Criterio nº 5.3 Medios técnicos

##### a. Artefactos pirotécnicos

- día 24 de xullo: duración do vídeo 35 minutos

Peso bruto .....2.846 kg

Unidades ..... 11.326 unidades

Puntuación .....3 puntos

- día 31 de xullo: 60.000 watios de potencia.

Peso bruto .....1.109 kg

Unidades..... 18.379 unidades

Puntuación .....3 puntos

##### b. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son

Os medios técnicos previstos formados por 14 proxectores de vídeo (10 + 4) e como novidade uns equipos de son L'Acustic repartidos en catro puntos da praza. Tamén conta con 24 equipos móbiles de iluminación.

Puntuación..... 0,5 punto

#### - Criterio nº 5.4 Equipo técnico

A proposta presenta un organigrama do equipo técnico humano cun total de 60 persoas. Indicase o persoal adscrito aos traballos de pirotecnia da empresa Pirotecnia Forcs D'Artifici Europla S.L.

Puntuación.....4 puntos

**Puntuación total da proposta de FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L. .... 40,5 puntos**

### 3.- PIROTECNIA ZARAGOZANA

**- Criterio nº 5.1 Idea.**

*Proposta creativa do espectáculo do día 24.*

Sucesión de 12 secuencias históricas relativas ao Apóstolo, Catedral, Peregrinación e ao Cidade de Santiago. Din que será un espectáculo multimedia de 360º pero non dan máis explicación. Todos as fotos son de imaxes ou pirotécnicas sobre a Catedral.

Puntuación .....10 puntos

*Proposta creativa do espectáculo do día 31.*

Puntuación .....10 puntos

**- Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito**

Non consta. Limitanse a expoñer que cumpriran a normativa e acataran as ordes do Concello. Que utilizaran elementos feitos en madeira para adecuar os elementos o ámbito da mellor forma posible.

Puntuación .....2 puntos

**- Criterio nº 5.3 Medios técnicos**

*a. Artefactos pirotécnicos*

*- día 24 de xullo:*

Preséntase un listado dos elementos pirotécnicos (detallando nº de catalogación, unidades e pesos inflamables de cada un.

Peso bruto explosivo .....2.782 kg

Total masa pirotécnica .....1.117 kg

Unidades de produto ..... 14.444 unidades

Puntuación .....3 puntos

*- día 31 de xullo:*

Peso bruto .....1.109 kg

Unidades..... 18.379 unidades

Puntuación .....2 puntos

*b. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios técnicos constan de equipo de son LINE ARRAY en catro grupos. Utilizando 5 proxectores 30 k. En iluminación con robótica con oito strobos e 4 juliat.

Puntuación ..... 1 punto



**- Criterio nº 5.4 Equipo técnico**

A proposta presenta non especifica. Di que existen tres persoas no organigrama directivo. Expoñen os curriculuns do Director Xeral, Director Artístico e Director Técnico .

Puntuación.....2 puntos

Puntuación total da proposta de PIROTECNIA ZARAGOZANA ..... **30 puntos**

**4.- ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.**

**- Criterio nº 5.1 Idea.**

*Proposta creativa do espectáculo do día 24.*

Reparto de pirotecnio por todos os edificios da Praza do Obradoiro. Luz e imáxenes tamen no Pazo de Raxoi. Solta de globos no Rectorado e no Hostal. Efectos de son tanto na Catedral como en Raxoi. Escenas da cidade actual "O futuro da Tradición". Rotulacións en Galego, Español e Inglés.

Puntuación .....20 puntos

*Proposta creativa do espectáculo do día 31.*

Puntuación .....10 puntos

**- Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito**

Esta proposta non especifica nada sobre este punto. Nin medidas conectoras de impacto visual nin informa do tipo de valado e as súas características.

Puntuación .....0 puntos

**- Criterio nº 5.3 Medios técnicos**

*a. Artefactos pirotécnicos:*

*- día 24 de xullo:*

Preséntase un listado dos elementos pirotécnicos (detallando nº de catalogación, unidades e pesos inflamables de cada un.

Peso bruto explosivo .....2.782 kg

Total masa pirotécnica .....1.117 kg

Unidades de produto ..... 14.444 unidades

Puntuación .....3 puntos

*- día 31 de xullo:*

Peso bruto .....1.109 kg

Unidades..... 18.379 unidades

Puntuación .....2 puntos



*b. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios técnicos en son consta de un equipo LINE ARRAY (32+8). En proxección utilizarán 8 proxectores (7+1) de 20.000 e 40.000 lumens. En iluminación leva robótica móbil e luz arquitectural. Iluminación para utilizar dende o chan para teñir as fachadas.

Puntuación..... 1 punto

**- Criterio nº 5.4 Equipo técnico**

A proposta presenta un equipo técnico de 9 persoas e non especifica o resto de traballadores.

Puntuación..... 2 puntos

Puntuación total da proposta de ASL LIGHT SOLUTIONS S.L..... **38 puntos**

## 5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

**- Criterio nº 5.1 Idea.**

*Proposta creativa do espectáculo do día 24.*

Un espectáculo de 360º na praza non centrado na Catedral. Participación de músicos. Eixe central compartido co Pazo de Raxoi pero tamén co Rectorado e co Hostal. Con sete secuencias históricas e sobre a cidade.

Fachada gótica virtual. En vídeo sobre o Pazo de Raxoi. Manter a tradición con proxeccións de todas as fachadas existentes ao longo da historia dos fogos.

Puntuación ..... 20 puntos

*Proposta creativa do espectáculo do día 31.*

Puntuación ..... 10 puntos

**- Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito**

Novidade total, non haberá pirotecnia no conxunto catedralicio nin en cubertas nin en andamios. Utilización só do Claustro do patio do Museo. Disparando dende a torre do Rectorado e a balaustrada de Raxoi sempre con calibres pequenos. Calibres medios desde a terraza de Raxoi (máis visibles para o resto da cidade). Os calibres grandes lanzaranse dende San Martiño Pinario, tres casetos dobres integrados no entorno para minimizar o impacto visual dos sistemas de control instalados diante da escalinata da Catedral e dúas nos laterais. Valado galvanizado para os participantes e tamén para os asistentes os actos protocolarios segundo indicase o Concello

Puntuación medida correctoras de impacto visual ..... 4 puntos

Puntuación vallado ..... 3 puntos

**- Criterio nº 5.3 Medios técnicos**

*a. Artefactos pirotécnicos*

- día 24 de xullo:

Peso bruto .....2.016 kg (neto)

Unidades ..... 4.376 unidades

Puntuación .....3 puntos

- día 31 de xullo:

Peso bruto .....474 kg

Unidades..... 4.891 unidades

Duración ..... 16,9 minutos

Puntuación ..... 3 puntos

*b. Equipamento técnico de iluminación, proxección e son*

Os medios técnicos en equipos de son que utilizaran son equipos LINE ARRAY en catro torres. En proxección levan 11 proxectores (9+2) de 22.000 lumens. En iluminación levan 13 proxectores para iluminación de la limpeza y andamiaje móbiles para cambio de color y gobbos. Na memoria indican un compromiso de bos acabados.

Puntuación..... 1 punto

**- Criterio nº 5.4 Equipo técnico**

A proposta presenta un organigrama do equipo técnico humano no que se reflicte un total de 11 persoas.

Puntuación.....2 puntos

**Puntuación total da proposta de ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A. 46 puntos**

**RESUMO DE VALORACIÓN TÉCNICAS**

As puntuacións totais asignadas son:

REFERENCIAS TÉCNICAS (0-49)	PIROTECNIA QUILES S.L.	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	PIROTECNIA ZARAGOZANA	ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.
<b>Criterio nº 5.1 IDEA (0-30 puntos)</b>					
- proposta creativa do 24 de xullo (0-20)	10	15	10	20	20
- proposta creativa do 31 de xullo (0-10)	10	10	10	10	10
<b>Criterio nº 5.2. ADECUACIÓN Ó AMBITO (0-7)</b>	3	2 3	2	0	4 3
<b>Criterio nº 5.3 MEDIOS TÉCNICOS (0-8 puntos)</b>					
- Artefactos pirotécnicos día 24 (0-4)	4	3	3	3	3
- Artefactos pirotécnicos día 31 (0-3)	3	3	2	2	3
- Equipamento técnico de iluminación, proxección e son (0-1)	0,5	0,5	1	1	1
<b>Criterio nº 5.4 EQUIPO TECNICO (0-4)</b>					
- Equipo técnico adscrito (0-4)	3	4	2	2	2
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>33,5</b>	<b>40,5</b>	<b>30</b>	<b>38</b>	<b>46</b>

Unha vez estudados os criterios de adxudicación, tendo en conta o punto número 10 do prego administrativo correspondente a puntuación da valoración mediante cifras, tal e como sigue:

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS.**

**PROPOSICIÓN ECONÓMICA.....0-51 puntos.**

Presuposto Tipo Licitación : 180.000 €

Puntuación oferta =  $51 \times \left(1 - \frac{(\text{baixa máxima \%} - \text{baixa oferta \%})}{100} \times K\right)$

Sendo K (factor de ponderación) = 2

**PROPOSTA ECONÓMICA.**

**1.- PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.**

= Proposición Económica: 178.000 € (sen IVE).....Baixa % = 1,11 %



2.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.

- *Proposición Económica: 170.000 € (sen IVE).....Baixa % = 5,56 %*

3.- PIROTECNIA ZARAGOZANA

- *Proposición Económica: 180.000 € (sen IVE).....Baixa % = 0,00 %*

4.- ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.

- *Proposición Económica: 178.878 € (sen IVE).....Baixa % = 0,62 %*

5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

- *Proposición Económica: 175.700 € (sen IVE).....Baixa % = 2,39 %*

**PUNTUACIÓN PROPOSTA ECONÓMICA.**

1.- PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.

Puntuación oferta =  $51 \times \frac{1 - (5,56\% - 1,11\%) \times 2}{100} = 51 \times 0,9110 = \underline{46,4610 \text{ puntos.}}$

2.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.

Puntuación oferta =  $51 \times \frac{1 - (5,56\% - 5,56\%) \times 2}{100} = 51 \times 1 = \underline{51 \text{ puntos.}}$

3.- PIROTECNIA ZARAGOZANA

Puntuación oferta =  $51 \times \frac{1 - (5,56\% - 0,00\%) \times 2}{100} = 51 \times 0,8888 = \underline{45,3288 \text{ puntos.}}$

4.- ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.

Puntuación oferta =  $51 \times \frac{1 - (5,56\% - 0,62\%) \times 2}{100} = 51 \times 0,9012 = \underline{45,9612 \text{ puntos.}}$

5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

Puntuación oferta =  $51 \times \frac{1 - (5,56\% - 2,39\%) \times 2}{100} = 51 \times 0,9366 = \underline{47,7666 \text{ puntos.}}$

**PUNTUACIÓN TOTAL (PROPOSTA TÉCNICA + PROPOSTA ECONÓMICA)**

		Referencias técnicas	Proposta económica	TOTAL
1.	PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.	33,5	46,4610	79,9610
2.	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.	40,5	51	91,5
3.	PIROTECNIA ZARAGOZANA	30	45,3288	75,3288
4.	ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.	38	45,9612	83,9612
5.	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.	46	47,7666	93,7666

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2015



Enrique Vázquez Naveira  
Director de Festas



Documento	Expediente	
CONZI00L	CON/27/2015	

### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 180.000,00 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 2 de xullo de 2015 ás 9:05 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dª Branca Petra Novo Rey

**Vocales:** Dª Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.  
Dª María José Corral, representante do grupo PP  
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG  
D. Enrique Vázquez Naveira, director de festas  
Dª Ana Gago, viceinterventora municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de examinar o informe técnico realizado, **ACORDAN:**

Trasladar ao Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.** que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 175.700 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





## INFORME TÉCNICO, ARTÍSTICO E ECONÓMICO SOBRE AS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO CULTURAL DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2015 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

### INTRODUCCIÓN.

O obxecto do contrato comprende a realización do Servizo cultural de deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar na Praza do Obradoiro a noite do 24 de xullo e o 31 de xullo na Alameda (Campus Sur).

Preséntase para a súa valoración as propostas, realizadas polas seguintes empresas:

- 1.- PIROTÉCNICA QUILES QUILES-CABALLER FIREWORKS S.L.
- 2.- FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.
- 3.- PIROTECNIA ZARAGOZANA
- 4.- ASL LIGHT SOLUTIONS S.L.
- 5.- ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Faise un análise da proposta presentada no sobre de referencias técnicas, e seguindo os criterios de adxudicación números 5.1, 5.2, 5.3 e 5.4, valorados con un máximo de 49 puntos que se distribúen da seguinte maneira:

- **Criterio nº 5.1 Idea.....30 puntos**  
Pirotecnia libre, relativos ao feito xacobeo, tanto desde o punto de vista material coma inmaterial. Aquí a proposta creativa do espectáculo da noite do 24 de xullo valorarase con un máximo de 20 puntos e os do 31 de xullo cun máximo de 10 puntos.
- **Criterio nº 5.2. Adecuación ó ámbito.....7 puntos**  
